

OS SOCIALISTAS REIVINDICAN NO COUREL O APROVEITAMENTO DOS RECURSOS MEDIOAMBIENTAIS PARA O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DA COMARCA

O secretario Provincial afirmou nunha visita ao municipio que “ao contrario da Xunta do Sr. Feijoo que o único que fai e poñer restricións á Rede Natura, os socialistas loitaremos por potenciar a riqueza natural e a biodiversidade da nosa provincia”

Carmen Álvarez destaca que “non imos permitir esa política do PP pola que pagan os que poden e, os que non, teñan que pechar as súas explotacións. Dende o Concello loitaremos para defender os dereitos de todos para que reciban as axudas necesarias para impulsar este territorio”

Lara Méndez explicou que “se o concello non recibiu máis investimentos provinciais foi porque a alcaldesa os rexeitou. Decidiu non aproveitar o plan Innova-TE, que dotou de equipamentos e recursos tecnolóxicos a 48 concellos da provincia a custe cero, e rexeitou tamén un plan gratuíto co que a Deputación axudou aos municipios a reducir a factura da luz”

O Courel, 10 de maio de 2015.- Os secretario Provincial e de Organización –Juan Carlos González Santín e Carlos Ferreiro- a vicepresidenta segunda da Deputación –Lara Méndez-, o deputado autonómico –Vicente Docasar-, a deputada no Congreso –Margarita Pérez Herraiz- e a candidata á alcaldía do Courel –Carmen Álvarez- realizaron este domingo unha visita ao municipio onde reivindicaron “o aproveitamento dos recursos medioambientais para o desenvolvemento económico da comarca”.

Neste senso, González Santín afirmou que “ao contrario da Xunta do Sr. Feijoo que o único que fai, por exemplo, é poñer restricións á Rede Natura, os socialistas loitaremos por potenciar a riqueza natural e a biodiversidade da nosa provincia”. “Comprometémonos á promover a aprobación dos plans de xestión deste espazo co coñecemento e participación dos titulares dos dereitos reais e de uso como se está a facer en outros países e comunidades autónomas españolas”, indicou.

“Seguiremos defendendo a participación das agrupacións veciñais, agricultores e propietarios dos montes comunais nun órgano de toma de decisións, que os propios interesados non estean representados unicamente por membros da Consellería”, explicou o secretario Provincial, e engadiu que “a día de hoxe, en Galicia, non existe este tipo de órgano pola única razón que ao Goberno do PP non lle interesa. É inaceptable que na posta en marcha do Plan non contase xa cos propietarios das fincas”.

Políticas inxustas do PP

Segundo a candidata á alcaldía, axustarse á normativa implica o cumprimento de medidas moi restrictivas e supón un incremento no investimento que os gandeiros teñen que facer porque as construcións teñen levar un material determinado e unhas características axustadas ao medio no que se prevén executar. “Nós non imos permitir esa política do PP pola que pagan os que poden e, os que non, teñan que pechar as súas explotacións. Dende o



concello loitaremos para defender os dereitos de todos para que reciban as axudas necesarias para compensar as terras incluídas neste espazo”.

Necesidade de compensación

Neste senso, Vicente Docasar lembrou que “a Xunta en ningún momento previu un orzamento co que compensar aos propietarios das terras incluídas neste espazo, e no que usos agropecuarios como o cambio de uso –pasar de matorral a castaña, por exemplo-, ou a creación de novos pastos, están sometidos á avaliación de impacto ambiental”.

Os socialistas afirman que a Rede Natura nunca funcionará mediante imposicións e menos seguindo un modelo de vixilancia, apertura de expediente e aplicación de sanción. “Coa aplicación deste sistema perderemos modos agroecolóxicos moi valiosos que, xustamente, deron lugar a moitos dos hábitats que protexe a Rede Natura 2000”. González Santín explicou que non vemos ninguha oportunidade de éxito nun sistema baseado en que todo o peso da Lei caia sobre os que no cometen máis delito que continuar facendo algo que fixeron e viron facer toda a vida”. “Se implantamos uns requisitos tan duros non imos mellorar a protección do hábitat senón todo o contrario, por iso temos que crear procedementos de participación e de formalización de contratos para establecer as compensacións que reciben os propietarios das fincas, gandeiros ou forestais que colaboran coa conservación do medio rural”, concluiu o secretario Provincial.

Compromiso co Courel

Pola súa banda, a vicepresidenta segunda da Deputación subliñou o compromiso do organismo provincial co Courel nos últimos oitos anos do Goberno socialista, “no que investimos máis de 3 millóns de euros na dotación de servizos e infraestruturas para os veciños desta zona”. Entre outras actuacións, a Deputación asumiu o saneamento a Millares, a pavimentación dos núcleos de Noceda, Sobredo, Vilamor e Pendella, o acondicionamento dos accesos a Miraz, Liñariños e Campelo, o abastecemento de auga a Pacios, a reposición de tubaxe e o acondicionamento do depósito de Folgoso, a mellora de abastecemento de auga no núcleo de Seceda, a traída de auga a Folgoso e Visuña, ademais de garantir cunha achega de máis de 12.000 euros o servizo de axuda no fogar e colaborar no financiamento da Festa da Castaña. A Deputación anunciou, ademais, que arranxará a estrada provincial LU-P-1301, que une O Courel con Pedrafita.

“Se o concello non recibiu máis investimentos provinciais foi porque a alcaldesa os rexeitou. Decidiu non aproveitar o plan Innova-TE, que dotou de equipamentos e recursos tecnolóxicos a 48 concellos da provincia a custe cero, e rexeitou tamén un plan gratuíto co que a Deputación axudou aos municipios a reducir a factura da luz”, indicou Méndez.

